

| | |
|--------------------|---|
| Asunto: | Resolución de adjudicación dun contrato |
| Expediente: | 02/2015 |
| Contrato: | Subministro de equipamento científico-técnico: Cloud, Big Data, visualización científica y alimentación eléctrica ininterrompida para o Centro de Supercomputación de Galicia. |
| Lote: | Lote II: Sistema de Alimentación Ininterrompida (SAI) |

Logo de examinar as actas das reunións da mesa de contratación designada para elevar a proposta de adjudicación da contratación documentalmente simplificada, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, que foi publicado na Plataforma de Contratos de Galicia, no Perfil do Contratante e máis foi enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o 30 de abril de 2015, así como a documentación presentada polo licitador que presentara a oferta máis vantaxosa dentro do prazo requirido, e segundo o establecido no artigo 151 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e de conformidade coa proposta formulada pola dita mesa de contratación o 21 de agosto de 2015:

RESOLVO:

Adjudicarlle á empresa Emerson Network Power (CIF A78244131), o contrato de subministración de equipamento científico-técnico, Lote II: Sistema de Alimentación Ininterrompida (SAI), dado que a súa proposición, considérase a máis vantaxosa para o CESGA, á vista da puntuación acadada por cada unha das ofertas, segundo aparece reflectido na acta da reunión da mesa de contratación do día 24 de xullo de 2015,


| LOTE II: SISTEMA ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA | | | |
|--|---|-------------------------------------|-------|
| EMPRESA | Criterios Non avaliados automaticamente | Criterios avaliados automaticamente | TOTAL |
| Emerson Network Power. | 37,00 | 11,95 | 48,95 |
| Sinergia Soluciones, S.L. | 14,00 | 2,46 | 16,46 |
| Fujitsu Technology Solutions, S.A. | 15,00 | 0,00 | 15,00 |

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo especial en materia de contratación, ante o Órgano de Contratación, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel no que se remita a notificación da adxudicación, nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), así mesmo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren oportuno.

Notifíqueselle esta resolución ás entidades interesadas e publíquese no perfil do contratante.

A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores ou candidatos. O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato ou cando o órgano competente para a resolución do recurso levantara a suspensión.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2015,



Javier García Tobío
Director Xerente CESGA